

COMISIÓN DE MODIFICACIÓN DA MEMORIA DO GRAO EN QUÍMICA - CURSO 2017/2018**RESUMO DA REUNIÓN DO 13/04/2018**

Tras repasar algúns dos aspectos da estrutura do Grao tratados nas últimas reunións, acordouse intercambiar de cuadrimestre as materias Determinación Estrutural e Bioquímica e non incorporar horas de docencia práctica na materia Enxeñería Química. Tamén debatéronse algúns aspectos dos contidos da materia Química I e das áreas que poidan ter que impartir esta materia. Este último asunto decidiu posporse xa que considerouse que, neste momento, a asignación da docencia non debería afectar á elaboración da materia.

Analizáronse distintas opcións para a estrutura de asignaturas optativas e acordouse os establecemento de dúas mencións. Esta estrutura escolleuse porque permite incrementar significativamente o abanico de optatividade dispoñible para os futuros estudantes, considérase razoable dado o número de estudantes actuais do Grao, é abordable cos recursos de profesorado e materiais dispoñibles na Facultade e cumpre coas restriccións establecidas polas normativas vixentes da Universidade.

Tras debaterse distintas posibilidades para as dúas mencións, esbozouse unha estrutura de dúas mencións con catro asignaturas optativas na que unha das mencións tería un carácter xeral e incluíría asignaturas de temática avanzada das catro grandes áreas de química e a outra mención tería un carácter aplicado e incluíría a materia Prácticas Externas como obrigatoria de mención. Acordouse ademais que as áreas poderán presentar propostas de materias para ambas mencións que serán consideradas nas próximas reunións da comisión.

Por último, acordouse tamén que sería convinte informar á Xunta de Facultade sobre o traballo realizado ata agora pola comisión e someter este á súa consideración co fin de establecer o apoio da Facultade de Química á estrutura proposta, en particular, antes de comezar a redacción das fichas de materias obrigatorias e de definir novas materias optativas. O decano comprometeuse a convocar unha Xunta de Facultade extraordinaria monográfica sobre este tema nos vindeiros días no que se presentará o documento que se achega como anexo a este resumo.



Ignacio Pérez Juste

COMISIÓN DE MODIFICACIÓN DA MEMORIA DO GRAO EN QUÍMICA - CURSO 2017/2018

PROPOSTA DE ESTRUCTURA DO GRAO EN QUÍMICA

Curso		Créditos ECTS	Horas docencia presencial (th+sem+lab)		Créditos ECTS	Horas docencia presencial (th+sem+lab)
	1º cuatrimestre			2º cuatrimestre		
1º	Biología	6	26+13+0	Geología	6	26+13+0
	Matemáticas I	6	26+26+0	Matemáticas II	6	26+26+0
	Física I	6	26+26+13	Física II	6	26+26+13
	Química I	6	26+26+0	Química II	6	26+26+0
	Laboratorio I	6	0+0+52	Laboratorio II	6	0+0+52
	1º cuatrimestre			2º cuatrimestre		
2º	QA	6	26+13+28	QA	6	26+26+14
	QF	6	26+26+14	QF	6	26+13+28
	QI	6	26+13+28	QI	6	26+13+14
	QO	6	26+13+14	QO	6	26+13+28
	Bioquímica	6	26+13+0	Determinación Estructural	6	26+13+0
	1º cuatrimestre			2º cuatrimestre		
3º	QA	6	26+13+28	QA	6	26+13+14
	QF	6	26+13+14	QF	6	26+13+28
	QI	6	26+26+14	QI	6	26+13+28
	QO	6	26+13+28	QO	6	26+26+14
	Ingeniería Química	6	26+13+0	QF	6	26+13+0
	1º cuatrimestre			2º cuatrimestre		
4º	Proyecto	6	26+13+0			
	Química de Materiales	6	26+13+0			
	Mención A			Mención A		
	QF (optativa)	6	26+13+14	QA (optativa)	6	26+13+14
	QI (optativa)	6	26+13+14	Optativa (2º cuatri)	6	26+13+14
	QO (optativa)	6	26+13+14			
	Mención B			Mención B		
	Química Industrial (Op)	6	26+13+14	Prácticas Externas	6	
	Calidad Laboratorios (Op)	6	26+13+14	Optativa (2º cuatri)	6	26+13+14
	Optativa (Mención A)	6	26+13+14			
				Optativa 1 (2º cuatri)	6	26+13+14
				Optativa 2 (2º cuatri)	6	26+13+14
			Optativa 3 (2º cuatri)	6	26+13+14	